

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO DO PAS LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción da acta:

Maria Isabel Fernández Uría

REPRESENTANTES SINDICAIS

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Luis Pérez Gómez (CIG)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Rita Velasco Graña (CCOO)

A Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo mantivo unha reunión coa Xerencia o 3 de novembro de 2020 ás 12:00h na Sala 20 do Campus Remoto.

A xerenta comeza dicindo que ten lugar a reunión en atención á solicitude formulada polo sindicato Comisións Obreras dándolle a palabra ao presidente do Comité de Empresa de Pontevedra.

Marcos Estévez di que segundo o artigo 6 do Convenio Colectivo “*No caso de producírense durante o período de vixencia do convenio innovacións normativas en materia de universidades, lexislación xeral dos empregados públicos ou regulamentos universitarios con efectos modificatorios, directos ou derivados, sobre determinacións deste convenio, procederase á súa aplicación adoptándose o correspondente acordo no seo da comisión paritaria con expresión das cláusulas e normas do convenio afectadas e do seu réxime substitutivo...*” Tendo en conta que o acordo ao que se chegou no ano 2008 para modificar o convenio na DA5^a está recollido na lei de emprego público de Galicia no art 48, consideran que hai que revisar o documento porque ese acordo ao que se chegou está superado pola normativa autonómica actual. É por iste motivo que solicitaron a reunión.

Rita Velasco di que o Convenio Colectivo previo á modificación establecía en dous apartados o seguinte: “*A reincorporación, logo da declaración de incapacidade permanente parcial, ou total que o permita, no posto de traballo que ocuparan ou noutro axeitado á súa capacidade.*

A reincorporación, no caso de recoñecemento da incapacidade permanente total ou absoluta, cando recuperen a súa capacidade laboral..." Na modificación de 2008 suprimíronse estes dous parágrafos da DA5^a e consideran que dada a situación actual sería importante volver a incorporalos, xa que neste momento só cabe unha reserva de posto de traballo durante dous anos e non unha reincorporación.

Pablo Álvarez considera axeitada a revisión xa que ao seu xuízo a Comisión Paritaria no 2008 se extralimitou eliminando eses dous apartados.

Carlos Mollinedo expresa que ao seu xuízo a DA5^a foi creada para garantir o acceso do persoal con discapacidade, non para o persoal que existía nese momento senón o de novo acceso.

A xerenta entende que a modificación do Convenio Colectivo se debería á necesidade de adaptalo ás modificacións que durante ese ano 2008 tivo a Lei de Emprego Público de Galicia. Hai que ter en conta que o parágrafo actual da DA5^a é moi similar ao recollido na nova Lei no referido ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade. En relación aos dous parágrafos suprimidos di que o segundo xa está reflectido no Estatuto dos traballadores e demais normativa laboral da Seguridade Social. Por outra banda non entende a necesidade de incorporar de novo estes parágrafos despois de 12 anos sen que se formulara esta cuestión.

Marcos Estévez fai mención ao primeiro dos dous parágrafos e di que non se solicitou a súa inclusión en 12 anos porque non fixo falta, sen embargo actualmente hai dúas persoas en esa situación por iso si piden unha reflexión para a posible reincorporación deste persoal con incapacidade total ou parcial "*noutro posto axeitado á súa capacidade*" tal e como figuraba redactado.

A Xerenta responde que actualmente no Estatuto dos traballadores non se prevé que os Convenios Colectivos estean habilitados para recoller esta posibilidade.

O Vicexerente de RRHH quere matizar que a modificación de 2008 non eliminou ningún parágrafo, o que se fixo foi substituír a redacción por outra distinta. Por outra banda engade o persoal afectado non surde agora por primeira vez, senón que en anos anteriores tamén ten sucedido tanto en persoal laboral como en funcionario.

Luis Pérez di que, de acordarse o solicitado por Comisións Obreiras, considera que a Comisión Paritaria non ten a capacidade de volver a recuperar un texto derogado dende 2008. Para iso habería que abrir o convenio a negociación.




A Xerenta cre que modificar un acordo asinado por todos os sindicatos que negocian o convenio implicaría, ao igual que manifestou o presidente do CEO, abrir a negociación do convenio e iso non entra dentro das intencións da xerencia neste momento.

Universidade de Vigo

Marcos Estévez di que o que piden non é negociar ningún convenio, senón recuperar un parágrafo que xa existía, para que os compañeiros teñan posibilidade de reincorporación.

A xerenta manifesta que, tendo en conta as circunstancias, a postura da Xerencia é a de non incorporar novamente a redacción solicitada por ser esta acordada por unanimidade no 2008 polos sindicatos negociadores do convenio.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 13:10h

A Xerenta	Representante CCOO	Representante CIG-Ou	Representante UGT	Representante CIG-Po
				
Raquel M. Souto García	Marcos Estévez Orge	Luis Pérez Gómez	Pablo Álvarez Rodríguez	Carlos Mollinedo Lois